

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o martes, 29 de agosto de 2023, ás 11.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno:

DÍA: 29 de agosto de 2023
HORA: 11:00 horas en primeira convocatoria*
LUGAR: Sala de Xuntas

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2023/25V/XGL PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 8 de agosto de 2023.

2. 2022/16978N PRESIDENCIA

Dación de conta e ratificación da Resolución da Presidencia (publicada no BOP nº 183, de data 10 de agosto de 2023) pola que se deixou sen efecto a convocatoria do procedemento para a concesión, pola Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2023, cuxas bases reguladoras foron publicadas no BOP nº 296, do 28 de decembro de 2022.

3. 2023/12829E PRESIDENCIA

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2023.

4. 2023/12850C PRESIDENCIA

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para organización de actividades físico-deportivas 2023.

5. 2022/16725N PRESIDENCIA

Modificación do importe da obra 103/POS/2023, do Concello de Monterrei, relativa á rede viaria provincial, obra do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2023.

6. 2023/1108D PRESIDENCIA

Subvención a favor da Fundación Carlos Velo para Festival de Cine OUFF 2023.

7. 2023/7497G PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Allariz para pavimentación e renovación de espazos rurais, correspondente ao ano 2023.

8. 2023/12229C PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Allariz para proxecto de pavimentación e renovación de espazos urbanos.

9. 2023/4242S PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Paderne de Allariz para a execución da obra de reparación de manancial en San Xés.

10. 2023/4245H PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello do Pereiro de Aguiar para a execución da obra de eficiencia enerxética.

11. 2023/5258L PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Porqueira para servizos básicos (iluminación, calefacción, abastecemento, etc.), correspondente ao exercicio 2023.

12. ASUNTOS DE URXENCIA.

13. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.